Programa de Garantía Xuvenil 2026

Obxectivo

Co fin de fomentar o emprego, o Concello de Negreira incorpora durante nove meses unha persoa moza ao seu cadro de traballadores, inscrita como demandante no servizo público de emprego e en situación de beneficiaria no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, co obxecto de proporcionarlle unha experiencia e práctica profesional que facilite a súa inserción laboral, así como a mellora da súa ocupabilidade.

Esta contratación realízase grazas ao cofinanciamento da Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, para o ano 2026.